



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PROGRAMA GREEN CAMPUS:

A UDC GAÑA UNHA NOVA BANDEIRA VERDE E RENOVA OUTRAS CINCO

Febreiro 2023

O programa “Green Campus” na UDC

O programa “Green Campus” é un sistema de xestión ambiental que busca avanzar na sustentabilidade da nosa Universidade, en particular a través da participación dos diferentes colectivos e persoas que a conforman.

Forma parte do programa internacional EcoCampus FEE, e en 2022 foron avaliados positivamente 10 dos nosos centros docentes, galardoados coa Bandeira Verde.

A creación dun Comité Ambiental, a realización de eco-auditorías, a elaboración dun Plan de Acción e dunha declaración do compromiso ambiental, xunto co asesoramento, información, comunicación e avaliación continua, son os elementos chave da metodoloxía do GreenCampus.

+Info: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/GreenCampus/

A UDC conta con 20 centros docentes propios, deles 15 no campus da Coruña e 5 no de Ferrol. Estes últimos conforman un único programa Green Campus. Tamén as facultades de Socioloxía e CC. da Comunicación conforman un único programa. Neste comezo de 2023 están plenamente integrados nos programas todos os centros da UDC, distribuídos nun total de 15 programas Green Campus.



Programas e Bandeiras Verdes

Programa na UDC (Centro/Campus)	Ano de inicio	Ano última avaliación positiva (nº avaliacións)
Facultade de Ciencias	2014	2022 (1)
EU Arquitectura Técnica	2014	2022 (4)
Facultade de Ciencias da Educación	2014	2022 (3)
Facultade de Ciencias da Saúde	2014	2022 (4)
ETS Arquitectura	2014	2022 (3)
ETS Camiños, Canais e Portos	2016	2019 (2)
Facultade de Fisioterapia	2016	2019 (1)
Facultade de Economía e Empresa	2017	2021 (1)
Campus de Ferrol*	2017	2022 (2)
Facultade de Filoloxía	2016	-
Campus Riazor (ETSNM, CUR, NORMAL, Residencia)	2017	-
Facultades de Socioloxía e CC. Com.	2018	-
Facultade de Ciencias do Deporte e a E.F.	2023	-
Facultade de Dereito	2020	-
Facultade de Informática	2022	-

*5 centros (até 2022 eran 6): Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol, Escola Universitaria de Deseño Industrial, Facultade de Ciencias do Traballo, Facultade de Enfermaría e Podoloxía, Facultade de Humanidades e Documentación.

Do total de 15 programas, 8 foron avaliados positivamente nalgún momento, entre 2019 e 2022. Tendo en conta que a vixencia da avaliación ten un máximo de 3 anos, na actualidade están vixentes as avaliacións positivas da Facultade de Economía e Empresa, acadada en 2021, as doutros cinco centros do campus da Coruña (Arquitectura, Arquitectura Técnica, Ciencias, Ciencias da Educación, Ciencias da Saúde), acadadas no outono de 2022, así como todos os centros do campus de Ferrol, acada tamén en 2022. En resumo, 11 dos centros docentes propios da UDC contan cunha Bandeira Verde vixente, e outros dous téñena recibido en 2019 por última vez. Nos dous últimos cursos acadaron a bandeira verde, por primeira vez, a Facultade de Economía e Empresa e a Facultade de Ciencias.



O programa Green Campus da UDC conta cos seguintes medios e recursos:

- Servizos de ADEAC-FEE, como asesora e certificadora externa
- Persoal bolseiro Green Campus (17 bolsas para estudantes, convocadas cada ano)
- Compensación docente a PDI
- Asistencia desde a Oficina de Medio Ambiente
- Asistencia desde a dirección dos centros
- Asistencia e colaboración de UDC Saudable, SAUE, etc

Voluntariado e temáticas

O traballo nos programas Green Campus caracterízase por ser maiormente de tipo “voluntariado”. O elemento básico e centro do mesmo son os Comités Ambientais dos centros, que na altura de xullo de 2022 contaban cunhas 200 persoas membros, incluíndo a medio centenar de estudantes. Nunha escala de 1 (moi mala) a 5 (moi boa), a través dunha enquisa anónima, este voluntariado fixo unha valoración xeral do programa Green Campus de boa ou moi boa, con un 4,12 de puntuación media. Porén, bótase en falta un maior incentivo e recoñecemento por participar.

As temáticas de traballo máis representativas de Green Campus son as de concienciación e participación, residuos e enerxía, seguíndolle auga, ambientalización curricular e estilos de vida saudable.

